

NOVA GALIZA

25 cts.

REVISTA QUINCENAL
DOS ESCRITORES GALEGOS
ANTI-FIXISTAS • Redacción
Av. 14 de Abril, 442
BARCELONA

N.º 13

20 DE DECEMBRE DE 1937

A LIBERTADE HESPAÑOLA E A AUTONOMIA DE GALIZA

Galegos e andaluces foron case que todos os caciques de primeira magnitude que gobernaron ou influiron na política hespañola dende hai un século ou pouco menos. Deses dous caciquismos tan sonados talvez foi o galego o mais perigoso. Os aspirantes a caciques faguíanse na nosa terra oustinado e volteiro regateo. E velahí: o que conseguía quedar por riba era, de certo, un cacique de coidado. Non era cousa de nenos o lle poñer o pe diante cando despois, dando ou agachando a cara, pasaba a exercer o seu solerte influxo na chamada «alta política». Así, pois, hespañoles: coidado cos caciques galegos, que hainos de moitas castes e de moitos coores. Dívolos NOVA GALIZA.

Nós tiñamos un fondo problema: o da nosa cibdadanía apreixoadada. Mais a mesma raposería caciquil que asoballaba ao labrador galego virábase, no centro, ou a través de certas mediacións, nun risco que abranguía todo o conxunto hispano.

Veñamos, noustante, ao fito xusto. Isa torta influencia era recíproca. A podremia do Estado hespañol — e non samente nos tempos monárquicos... — fedía nos consistorios das mais pequenas e arredadas vilas galegas. ¿Podíamos resolver o noso problema cibdadán descoidando a visión do conxunto? Oxe, millor que nunca, sabemos que non.

Contra o artifizoso legalismo, que servía aos caciques para armaren os seus cepos e entrar logo no gran negocio do *trust* unitario chamado centralismo, ergueuse en nós o sentimento fraternal das nazoalidades hispanas e o anxeio autonomista. A autonomía arelábese como consagración dun dereito ben probado; pero tamén como un xeito de impoñer sanidade política na nosa terra. ¡E canto houbera influído a nosa liberdade na de Hespaña si aquel anxeio se houbera cumprido a tempo! A autonomía galega era, e sigue sendo, un problema hespañol, algo que había que conquistar para ben de todos, loitando fora de Galiza cunha estratexia panorámica e coa mais inequívoca xenerosidade.

Todol-os hespañoles de espírito liberal e de xuizo desperto saben oxe que unha das claves da liberdade hespañola — e da verdadeira integridade hispánica — e a «unidade» galega.

Así, non hai nesta custión pleito entre irmáns.

La libertad española y la autonomía de Galicia

Gallegos y andaluces fueron casi todos los caciques de primera magnitud que gobernaron o influyeron en la política española desde hace un siglo o poco menos. De esos dos caciquismos tan sonados, tal vez fué el gallego el más peligroso. Los aspirantes a caciques se hacían, en nuestra tierra, obstinada y sinuosa competencia. Así, el que conseguía prevalecer era, ciertamente, un cacique de cuidado. No era cosa de niños ponerle el pie delante cuando, después, a cara oculta o descubierta, pasaba a ejercer su artero influjo en la llamada «alta política». Así, pues, españoles: cuidado con los caciques gallegos; los hay de varia estirpe y muchos colores. Os lo dice NOVA GALIZA.


Nosotros teníamos un hondo problema: el de nuestra ciudadanía apriada. Pero la misma zorrería caciquil que oprimía al campesino gallego, convertíase, en el «centro», o a través de ciertas mediaciones, en un riesgo que abarcaba todo el conjunto hispano.

Vengamos, no obstante, al hito justo. Esa tortuosa influencia era recíproca. La podredumbre del Estado español — y no solamente en los tiempos monárquicos... — hedía en los Ayuntamientos de las más pequeñas y apartadas villas gallegas. ¿Podíamos resolver nuestro problema ciudadano descuidando la visión total? Hoy, mejor que nunca, sabemos que no.

Contra el artificioso legalismo, que servía a los caciques para armar sus cepos y entrar luego en el gran negocio del *trust* unitario llamado centralismo, se irguió en nosotros el sentimiento fraternal de las nacionalidades hispanas y la aspiración autonomista. La autonomía se anhelaba como consagración de un derecho bien probado; pero también como un modo de imponer salud política en nuestra tierra. ¡Y cuánto hubiese influído nuestra libertad en la de España si aquella aspiración se hubiese cumplido a tiempo! La autonomía gallega era, y sigue siendo, un problema español, algo que había que conseguir para bien de todos, luchando fuera de Galicia con una estrategia panorámica y con la más inequívoca generosidad.

Todos los españoles de espíritu liberal y de juicio desperto saben hoy que una de las claves de la libertad española — y de la verdadera integridad hispánica —, es la «unidade» gallega.

No hay, pues, en esta cuestión, pleito entre hermanos.



SOBRE A NOSA POLITICA ECONOMICA

A enteireza da Terra e a de cada un

Integrar a economía galega é favorecer a integridade moral de cada traballador galego.

O minifundismo parece ser tan axeitado para o medro da caste caciquil como o latifundismo.

Un xornaleiro que vive de milagre vende o seu voto por unha esmola. O dono d'unha pequena leira convértese, pola forza da escasedá, no mais duro explotador de sí mesmo. Non podendo aforrar, pois mal pode encher de pan o forno para o ano, cai a un tempo nas poutas da usura e baixo os árbitros do fisco. Ben se ve que, para o traballador da terra, hai dous xeitos de non ser dono de sí: non poseindo nada e tendo, así, que vendel-o propio esforzo a calquer prezo; ou ben ficando agrilloado a unha miseria que hai que defender. ¿Cómo pode ser bo cidadán o «propietario» de miserias, que treme a cotío véndoas perdidas, que ve chegar o tempo dos trabucos ou dos réditos como un sentenciado?

Pensemos agora no remedio. E cousa sabida que non hai xeito de distribuir a soberanía se non se distribuíe a riqueza. Onde hai moitos probes, aínda que se fagan as mellores leis, mandan os ricos ou os que saben e queren aproveitarse da probeza para se impoñeren. E xa sabemos, tamén, que os que prosperan na vileza de semellante xogo, non aspiran ao mando para faguer ben, para elevar a dignidade human nin para acrecentar a ventura i a forza criadora dos povos. Non son xentes que queiran concertar vontades para realizar grandes anceios e fa-

guer os prodixios de que é capaz a forza simultánea dos homes. Non se dirixen ao entusiasmo, ou si o fan é para engañalo. Diríxense á impotenza, reclaman servidume, viven da baixeza. E fan sempre peana do caído: unha morea de caídos é o seu pedestal. ¿Para qué? ¿Por qué ise afán de medrar con semellante fundamento? Istaras preguntas paraceranlles a eles demasiado inxenuas. O que eles no se exprican é o contrario: que alguén queira soerguer a vontade dun povo por verdadeiro amor á súa entoñada ou manifesta lanzalía. N'ise aspecto o problema galego é universal: trátase de topal-o xeito de que isa xente non domine, posto que o seu dominio leva aparelladas a indignidade i os desastres. En todo tempo pensouse que non se pode manifestar o verdadeiro xenio human mentras a soberanía política fose samente a consagración da rapiña.

Agora ben: os galegos, por unha vella esperencia, sabemos xa que non abonda distribuír a terra... Sen dúbida en Galiza hai que distribuila mellor, liquidando os vestixios de latifundismo a favor dos que aínda non teñen terra e dos que teñen pouca; quizais, tamén, poñendo couto a unha excesiva división. Non fará falla moito inxenio xurídico, se hai boa vontade, para chegar por pasos (canto mais acelerados mellor, sempre que sexan firmes e ben dados), á proporción distributiva practicamente mais equilibrada. Mais iso non abonda.

Cando no noso pais cada familia labradora teña o patrimonio que responde ás súas necesidades; cando, ademais, a terra sexa considerada como instrumento de traballo e non se poida confiscar por multas ou débidas si está en mans de traballadores, non haberá por iso máis cidadanía no agro si cada labrador non sinte os seus propios intereses solidarizados cos de Galiza enteira. Ollando cada un pol-o seu deixado por perguiza ou por pequenas e transitorias comenencias, que os problemas de conxunto sexan ensarillados polos intrigantes, coidando que indo ben a súa casa, o demais non lle afecta. Por tal camiño chegamos a un intre en que sería de novo aporreado por unha rede caciquil. E troques, total-as formas de comenza económica que ensanchen o horizonte dos seus intereses, por non en relación viva con Galiza enteira. Que isto suceda en gran escala, que labradores, artesáns, mariñeiros, sintan como cousa súa a prosperidade galega, que as formas d'intertroque e de colaboración sexan mais propias para crear e evidenciar unha empresa total, e haberá, daquela, limpa e lanzal cidadanía en nosos campos e nas nosas vilas, forza para defendela.

Poñer aos galegos — a cada un — en viva e libre relación con Galiza enteira, ou coa enteireza de Galiza, velahí o que nós — neste aspecto e n'outros — entendemos por galeguismo.

R I O M I Ñ O

Regabas maternalmente
de la Galicia los prados
y en tus aguas espejabas
cariño de enamorados.

Discurrías, cristalino,
por el suelo galiciano,
rumoreando el dolor
de mi pueblo avasallado.

Y el grito de terror
de la moza a quien el amo
ultrajó en tus orillas,
llevabas al oceano.

Y de las gentes que iban,
después de rudo trabajo,
a gozar tus torbellinos,
llevabas sabor del campo.

Y cuando en días de fiesta,
descansando en tu remanso
mozos y mozas bailaban,
llevabas al mar sus cantos.

Y cuando por tus riberas
arribaba un ahogado,
llevabas de sus parientes
los enternecidos llantos.

Y si en días de liturgia,
para pasear los santos,
te atravesaban en barcas
llevabas rezos y salmos.

Así te conocí yo
cuando por hambre, obligado,
me trasladaba a la corte,
la causante de tus daños.

Así te conoció Curros,
el gran poeta orensano;
amigo de desvalidos
rebelde contra tiranos.

Eduardo Pondal, que fué
de la Tierra insigne bardo,
te lanzó la gran consigna,
dijo: «os tempos son chegados».

Y la triste Rosalía
en tus puentes, sollozando,
vió irse a mozos de siega
para campos castellanos.

Mas, hoy que mi pueblo lucha
por no querer ser esclavo,
deslizas por tus corrientes
la sangre de mis hermanos.

R. C A B A N I L L A S A L V A R E Z

SEMBLANZA DE GALICIA EN LA HERMANDAD HISPANA

Conversación con Antonio Sánchez Barbudo

El joven escritor castellano, Antonio Sánchez Barbudo, con honda vocación de viajero y novelista, que tiene una sorprendente lucidez para ver el rostro de los pueblos, ha respondido con magnífica claridad a las preguntas que sobre nuestra tierra le hemos hecho para Nova Galiza

— ¿Te ha parecido reaccionario el tono dominante de Galicia, cuando estuviste allá?

— No. Mas bien me pareció uno de los países españoles más espontáneamente liberales.

— ¿A qué atribuyes que haya podido ser sometida por los facciosos?

— No a la conformidad popular, sino a las dificultades de acción simultánea para una población dispersa y en la que escasean los contingentes de obreros industriales. Las indecisiones de las autoridades civiles tuvieron que ser allí más funestas que en cualquier otra parte. La vecindad de Portugal y la sumisión de León y el norte de Castilla creo que han contribuido también, política y estratégicamente, a hacer difícil la resistencia y, después, el rescate.

— ¿Crees que habrá allí muchos facciosos sinceros?

— Creo que, aparte de los que son francamente viles, movidos por el resentimiento más feroz, y de la gente vacía que se ha sumado al fascismo en todas partes, acaso haya en Galicia, por estar lejos de los centros en que ya estaba francamente apolillada la retórica de lo «grande» y lo «uno», ciertos ingenuos con resabios señoriales que hayan creído que todo eso tenía, por lo menos, alguna gracia romántica. A estas alturas ya habrán visto toda la zafiedad que ocultaba esa retórica. Hablo, de todos modos, de gentes un poco espectrales...

— Al hallarte en Galicia, ¿tuviste sensación de extranjería?

— Se me agrandó España con un misterio nuevo. Desde entonces las tres esencias que buscan concertarse en mi espíritu de español llevan estos nombres: Castilla, Galicia, Andalucía.

— ¿Y Cataluña? ¿Y Vasconia?

— Todas las Españas... Pero ahora hablaba de un problema íntimo, de un instante en mi proceso personal. Tiempo al tiempo.

— ¿Cómo es Galicia, para ti?

— Veo allí un ciclo histórico muy antiguo y, no obstante, inacabado, con un gran horizonte de presagios. No quisiera con esto decir que Galicia es confusa. Tiene, al contrario, toda la claridad de presencia que nos maravilla en el Pórtico de la Gloria, piedra labrada y albedrío, quietud y anhelo que se renueva al confirmarse. Y luego el mar. No cualquier mar; el Atlántico, un «más allá» de España y en España.

— ¿Crees que Galicia ahondando en sí misma se aislaría?

— En un sentido esencial no cabe pensarlo, pues yo, castellano, creo ser más íntegramente español, y hasta más castellano, desde que comenzó a revelarse vuestra tierra. En un sentido político tampoco. La vocación gallega es de hermandad. No por que Galicia necesite «completarse», sino por amor. Es todo lo contrario de un país cerrado. Su frontera natural es siempre un horizonte.

— ¿Crees que sería peligrosa para esa fraternidad la autonomía?

— No. Con gallegos honrados no se me ocurre soñar semejante peligro. Si hubiese enredo sería transitorio, aparente, cosa de políticos de poca monta. No creo que este asunto pueda embrollarse más que cuando se olvida la sencillez y lozanía de sus términos.

— ¿Qué revolución debe hacerse en Galicia?

— La que le permita ser una tierra próspera sin hacerle perder intimidad... Nada de comedores colectivos ni de rascacielos. En otros sitios, me explico todo eso. Allí sería un desatino. Un socialismo audaz, pero profundamente respetuoso, con algo muy señorial y patriarcal que allí he visto en labradores y marineros. Se me agudiza este problema pensando en Galicia, pero en realidad, lo extiendo a casi toda España. Socialismo sin resabios capitalistas, quizá ésta es, aunque vagamente

formulada, la solución. Otros aspectos: creo, por ejemplo, que se debe llevar la cultura a los lugares apartados, pero respetando el íntimo saber de las gentes y no sacándolas de quicio para acomodarlas a un plan externo de cultura. Lo que sabe un campesino gallego es muy respetable. Hay que perfeccionar su técnica sin mustiar su experiencia. Y hay que inclinarse a formas cooperativas sin abatir el sencillo honor que pone en su tarea personal.

— ¿Qué modo atribuyes a la religiosidad en Galicia?

— Se suele decir pagano y no es del todo exacto. Tampoco quietista o panteísta. Más que las formas en sus límites creo que allí se ama su trascendencia. Los prados, el mar, el cielo remoto, la nostalgia de los muertos, pero sin nada fúnebre, caminos, apariciones, expresan algo o que quiero decir, y unido al recogimiento y a la razón arquitectónica me lo revela muy de cerca, pero siempre lejos, el maestro Mateo.

— ¿Qué haremos con la Iglesia?

— Quitarle todo el poder político o, más exactamente, caciquil, en que se ha envilecido, y ser respetuoso con la devoción popular, allí donde se manifieste en formas sanas y sinceras.

— ¿Qué destino atribuyes a Galicia en la hermandad de las Españas?

— Si después de la revolución hemos de dar a la vida categoría religiosa, en lugar de maldecirla, Galicia, al mismo tiempo que su sentido festival, pondrá el misterio, la quietud andante. Quizá nos ayude a poner la vida más gozosa en diáfana cercanía de la muerte.

— ¿Crees que Galicia puede tomar en serio a los facciosos?

— Me explico mejor ese error en Castilla. Cierta ingenua pedantería pudo engañar a muchos castellanos. Pero Galicia es más irónica. No me la explico haciendo en serio el saludo fascista.

Documentos

Sobre a caída da Coruña. -- Alevosía dos facciosos. -- Un povo inerme. -- Unhas autoridades civís vacilantes. Dous testimoños paralelos.

1.^a CARTA

Meu caro amigo:

Agradezo a calidade que me atribúe como testigo do que pasou na nosa terra e vou a responder a súa carta decindo con toda fidelidade ao recordo o que eu víñ e podo atestiguar. Procurarei merecer a súa confianza anticipada deixando a un lado supostos vagos ou incertos e dando fe, sómente, do que sei.

O seu inquérito refírese a Coruña. Eme ben fácil lembrar canto alí ao redor noso pasou. Son cousas tan graves, imaxes tan vivas, que penso non se esquecen mentras se teña alento. Do que eu afirmo como alí pasado, non teña medo que ninguén llo desminta. Pode algún detalle, pola perspectiva, parecer distinto ao que o vise de mais lonxe, mais iso non ha de variar o seu sentido.

As primeiras notizas da sublevación subéronse no Goberno Civil, e ben logo cundiron en forma de rumor. Era o día deceseite de xulio pola tarde. Xa esa noite houbo xentes pol-os centros gubernativos na mesma actitude leal que noutra data peligrosa: o famoso dez d'agosto.

O sábado, mediada a mañán, dábase nas pizarras dos xornales unha nota moi outimista do noso Gobernador dicindo algo do movemento, pero afirmando que o Goberno, dono da situación, acudía a castigar aos rebeldes, e que ninguén temese.

Noustante, toda a xente de esquerda de mais responsabilidade seguía acudindo ao Goberno Civil. Foi pasando o día n'aquel ir e vir. Movíanse as forzas d'Asalto. Pola noite veuse mais de preto o perigo. Carrexábase area e casetas da praia para o recinto do Goberno. A comunicación con Madrid, que aínda seguía nas primeiras horas, arredor da madrugada perdeuse. Despois, aínda mais tarde, dixo o Gobernador que conseguira falar por medio de Bilbao. Pero ben se vía que o perigo era grande.

Antrementres a xente (vosté ben sabe que na Coruña é liberal) henchía os soportales do Goberno Civil e toda a rua enfrente. Eu tiven que pasar o domingo ás dez e media da mañán para o Goberno, e moitos da moitedume gritábanme (como a outros en caso semellante) pedindo armas. ¡Probe de min! ¿Onde as tiña? Pero cando estiven arriba fixen a mesma petición. Dixéronme que non me apurase que as habería no seu intre, e que nós podíamos ter confianza nas forzas afectas ante as que se contaba o cuartel d'Atocha controlado por Caridad Pita.

Ben, dixeran eu; pero non están demais as precaucións. Deseguida pedínlle ao segredario da Confederación señor Moreno, que me mandase unha dúcia de homes de confianza, e fun buscar a dinamita que tiñamos no Consistorio para levala aos baixos da Diputación. Enterei do feito ao Alcalde, que se atopaba no Goberno Civil e quedeime alí. Estaban tamén o Gobernador, señor Pérez Carballo, Guzmán, Zapata, Somoza, Rodríguez Otero, Maseda, Mazariegos, o comandante da Guardia Civil, señor Ríos, Xulio Suárez Ferrín, o comandante d'Asalto e o axudante, o Segredario da Confederación, Eiris, Leovixildo Taboada, e moitos outros que andaban dun lado para outro; e tamén a señora do Gobernador. Díxose que podíamos ir a comer tranquilos. Se había novidade avisarían as sireas da flota pesqueira e, antrementres, non se deixaría de vixiar os movementos dos feixistas.

Dende ise intre ate as nove da noite, hora en que volví a subir ao Goberno, nada sei; e desa hora díxome Eiris que todo seguía o mesmo e que «eles» non se atreverían a saír, que estaban tomadas as precaucións de vixilancia; así que ate o seguinte día podíase dormir...

O luns, xa dende cedo, víamos todos a gravidade do momento. O día antes as organizacións obreiras tiñan dado ordres de que se acudise ao traballo mentras non avisaran as sireas da flota pesqueira; pero en moitos obradores non se traballou. O Gobernador seguía incomunicado coa Madrid; xa solo podía manter comunicación co resto de Galicia. Isto veu a se agravar coa notiza de haberen sido detidos Caridad Pita e Salcedo. O feito sorprendeu á nosa autoridade que pídeu reunión do Frente Popular, mentras que xa polos aparatos telefónicos íamos chamando aos portais da provincia para que acudiran á Coruña. D'aquela atopábanse alí las persoas que xa nombrei, e tamén o deputado Maurín. Quizaes houbera algún mais que non recorde. Saía que no Casino Republicano había un segundo comité do Frente Popular, e hei de sinalar que a señora do Gobernador estaba tamén nun teléfono, preto do que eu usaba, dando rápidas ordres.

Xa serían as doce e media da mañán. Parecía que entón mesmo escomenzase a loita. Non foi así. Tornou un pouco de calma. O Gobernador espuxo que iba faguer desfilar as forzas leales. A súa señora indicoulle que tomara en refrendo a familia de Tovar, que se decía era quen iba asumir o mando dos rebeldes, e as de outros que se tiñan por tales. Era tarde xa.

As tres menos vinte minutos os facciosos lanzaron contra o Goberno os primeiros cañonazos desde o Parrote. Desda hora viñamos de comer da rua dos Olmos Rodríguez Otero, e eu, e topamos na rua Real ao doutor Barbeito que se encamiñou con nos para o Goberno Civil. Non chegamos alí porque no camiño, fronte á librería de Lino Pérez, topamos á señora do Gobernador acompañada por un ordenanza e pídunos que a levásemos á casa de López Abente, na mesma rua. Como enton xa escomenzaran os paqueos feixistas dende moitas casas desa vía e das travesas, en mais proporción na rua Nova e de García Hernández, eu uníame aos grupos nosos. Barbeito foise ao hospital ao ver os primeiros feridos, e Rodríguez Otero non sei que foi.

Xeneralizouse a loita na Telefónica, Xuana de Vega e plaza de Pontevedra, onde xa a Guardia Civil se virara en contra nós. Loitábase nas calles de Socorro, Orzán e travesías contra os militares que saíran do cuartel de Artillería de Zalaeta; e había tiros en todo o sector de rua Nova, Santa Catalina, Real, Olmos, Galera, San Nicolás, debaixo do paqueo e a que viñan avanzando cara o Goberno Civil os militares, ao mesmo tempo que outros saían da cidadela Vella, tamén na mesma dirección.

Serían xa as oito horas. Os nosos corréronse pola rua Real ao Goberno Civil. Eran milicianos e de Asalto. Xa na rua de Bailén estaban quedas as dúas ametralladoras que alí había na porta do estanco e no primeiro piso do salde París. Sentimos que nos berraban do edificio do Goberno o «¡Alto el fuego!». Dos dous primeiros avisos non fixemos caso. Ao terceiro os de Asalto fóronse aos portais e todos nós atrás de eles. Alí detuvéronnos os rebeldes. Eles tiñan medo. Tremían, eran poucos, non se exprica como nos dominaban d'aquela forma. Eu pensaba que fora unha burrada o se quedar o noso estado maior alí no Goberno.

en que vola
come Eirís qu
erían a saíre
ancia; así qu

gravidade de
ras tiñan dadi
non avisar
obradore
comunicado co
co resto de
e haberen sid
rendeu á nos
pular, mentr
ndo aos por
aquela atop
én o diputad
a recorde. Se
do comité de
do Goberna
usaba, dand

scía que eni
rnou un pou
uer desfilar
aara en rehen
umir o manda
or tales. En

anzaron contr
Parrote. Des
dríguez Oter
que se encami
aos alá porqu
amos á seño
pideunos que
a rua. Como

dende moitas
orción na ru
grupos nosos
feridos, e de

de Vega
se virara en
Orzán e trav
de Artille
de rua Noro
colas, debida
Goberno Civil
n da cidade

nse pola ru
Asalto. Xa
alladoras que
biso do salón
do Goberno
non fixemos
tales e todos
Eles tiñan
ta como nos
ra unha bur
berno.

Despois, na confusión, púden fuxir e fun pola Franxa, Barreira, García Hernández, e metémonos por Fonte de San Andrés na rua dos Olmos outro correlixionario e eu. Alí aínda había xente nosa. Dixémoslle o que nos pasara e todos fomos a Garás, onde as nosas xentes refacíanse de novo despois de ter perdido a loita en Xuana de Vega e plaza de Galiza, e de ter abandonado outras posicións nas que a resistencia era inútil. Por este día, millor organizados que nós, aínda que con menos xente, leváranos ventaxa. No Goberno Civil detiveron ao Gobernador, ao Alcalde, Guzmán, Maseda, Mazariegos, Prego, Torres, Eirís, Leovixildo Taboada e os xefes da forza de Asalto. Nas calles quedaron unhas 30 o 40 baixas e eles aproveitaban aquela ventaxa jaguéndoa coñecer pola radio e agrandando a reseña.

As catro da mañán do martes, día 21, con un fronte que empezaba no lagar en Santa Margarida e chegaba ate a estación do ferrocarril na Gaiteira, empezou a loita. O povo aínda tivo héroes. Pero as armas eran desiguales. Samente uns cincoenta fusiles procedentes dos Carabineros e dos de Asalto (sen esta forza, xa detida), algunha dinamita e escopetas de caza con algunha que outra arma curta, e escaseando as municións. Xa nada se podía faguer. Eles tiñan ametralladoras, forza de fusiles, e cañóns que subíran á terraza da casa Pastor, cos que nos batían a placer. Esa tarde rematou a nosa resistencia; setenta baixas aproximadamente e todas as posibilidades que logo lles valeron a eles para mandar xente obrigada ao Guadarrama e Asturias.

Acabo esta reseña un tanto precipitada para aproveitar a circunstancia dun camarada que vai para esa, e mándolla así en borrador. Logo escribíreille. Vexa vostede si é preciso usar o meu nome. Teña en conta que deixei alá familia á que podo sentenciar...



2.^a CARTA

Querido amigo:

A la alegría que siempre me causan tus cartas se une esta vez el pesar de no haber cumplido ya el encargo que en la última reiteras. Apenas halló motivos claros para excusarme. Puedes creer, no obstante, que no ha sido pereza. Intenté escribirte ya otro día y no sé qué angustiada perplejidad hizo fracasar el propósito. Quizá temía ser superficial hablando de cosas terribles. A veces me desazona pensar si no habrá perdido seriedad mi espíritu, pues cosas tan cruelmente reales como las que he visto, llegan a parecerme acontecidas en el mundo de los sueños. Otras llego a encontrarlo todo muy natural, como si el mundo hubiera sido siempre así. Pero de pronto me sublevo con un ímpetu que a la vez me ahoga y me conforta, pues reconozco entonces que todavía soy un ser humano. Y estas palabras, honradez, justicia, me sorprenden de nuevo y me imponen una veneración antes, quizá, desconocida. Tú sabrías mejor que yo hablarme de estas cosas. En fin, hoy quiero ser disciplinado y limitarme a poner orden y claridad en el testimonio que me pides. Tendré que hablar algo de mí, pero sin énfasis... A los pocos días de la sublevación pude evadirme por mar de la Coruña con otros veintidós compañeros. Estuve varios meses luchando en Asturias. Tuve unas «vacaciones» impuestas por una herida en un brazo, afortunadamente de escasa gravedad. Después de la caída de Bilbao, fui prisionero de los fascistas, y éstos me hicieron combatir en van-

guardia contra «los rojos», en el frente de Aragón. Sin duda las balas leales me conocían, pues me han respetado. Por fin, en un grupo de siete compañeros audaces logré pasarme.

No sé si mis datos sobre la Coruña serán suficientes. Yo fui sólo uno de tantos en la calle.

Las primeras noticias, contradictorias y confusas, de levantamiento militar, comenzaron a rumorearse en la Coruña el día 17 de julio. Una nota aparecida al día siguiente en la prensa limitaba los hechos a una rebelión militar que, según afirmaba, había sido sofocada en África. Los términos en que esa nota estaba concebida tendían a disipar la alarma. Pero la gente no quedó tranquila. Al atardecer, el ambiente era de angustia, aunque no se hubiese patentizado todavía el peligro. Era como si un cielo claro pudiera presagiar desastres. Una evidencia sin fundamento preciso se imponía al espíritu e iba venciendo la forzada serenidad o la vacía indiferencia de todos los semblantes. Las pequeñas preocupaciones eran barridas por el presentimiento de algo insólito y, tal vez por esto, la misma gente de siempre aparecía con una renacida honradez en la mirada. Si se prescindía de no sé qué emboscados en acecho, todos fraternizábamos como nunca.

¡Qué poco han visto nuestros políticos al pueblo! Parece que jamás le hubiesen mirado de cerca y sin cálculos.

Si el Gobernador civil de la Coruña, si los militares que se decían leales, si los Diputados y demás autoridades del momento, hubieran sabido mirar a las gentes que pedían armas, ¡si los hubiesen visto!, quizá estaría hoy Galicia libre. Pero sólo se procuraba tranquilizar. Se ordenó a los obreros la vuelta al trabajo. Si era necesario, se les decía, ya serían avisados por las sirenas de los barcos. ¿Avisados para qué, si antes no se les facilitaban medios de organizar la defensa, y, para «restablecer la calma», se les ordenaba la vuelta a los talleres? ¡Restablecer el orden! ¡Qué espantosos desórdenes ha ocasionado eso!

Entretanto, las autoridades parecían entregadas a sutiles diplomacias y habían, en efecto, conseguido de los militares remolonas y equívocas «palabras de honor». De esas palabras, como del rostro de un enmascarado, estaba pendiente el sino de una ciudad, cuya suerte en esos momentos era decisiva para Galicia y para toda España. Tal vez se temía excitar a los traidores y que se despojasen de la máscara demasiado pronto. Pero hoy sabemos que ellos mismos vacilaban, esperando cobardemente indicios firmes para garantizarse, como burócratas de las armas, la soldada... Así, la tragedia de nuestra tierra comenzó por una pugna ambigua entre dos castas de funcionarios, los que ciñen espada y los que ponen firmas, tan faltos de fe los unos como los otros; una pugna entre espectros de espaldas al pueblo. Estad tranquilos, decía la autoridad civil con una voz cada vez más hueca, según se iba adensando la sombra en torno al destino de nuestra ciudad.

Ya nadie sabía lo que pasaba en el resto de España y aun continuaba la comedia. Crecía el clamor del pueblo pidiendo armas y se perdían sus ecos en todos los pasillos de los casones oficiales. ¡Cuánto mejor hubiera sido decir a tiempo la verdad dejando al pueblo que se amotinase, y ordenando a las fuerzas aun leales que detuviesen a todos los jefes sospechosos! No doy a esto que digo más que el carácter de una opinión personal. Me faltan datos para hablar con rigor, pues ya he dicho que yo era entonces uno de tantos en la calle. Pero esa opinión mía coincide con la intuición popular. A todos nos parecía que decapitando el plan faccioso, es decir, procediendo rápidamente contra los jefes, tendríamos de nuestra parte a los soldados liberados. Y creo que en algún momento eso pudo hacerse. Pero transcurrió el domingo, 19, bajo el signo siniestro de la tranquilidad oficialmente pregonada.

Permanecían los trabajadores ante el Gobierno Civil en espera de armas y noticias. Se les dijo que se contaba con la segura lealtad de la guardia civil y de asalto, infantería y carabineros. ¿Por qué esos «leales» no tomaban medidas decisivas contra los sospechosos?

Dos días hacía que los militares estaban acuartelados.

Aunque no se supieran sus verdaderas intenciones, es indudable que no podían inspirar confianza. El general Pita Caridad, a quien Salcedo, general de la Plaza, había encomendado visitar diariamente los cuarteles, no parece haber denunciado nada anómalo. Era hombre leal a la República. Lo era también Salcedo, que ostentaba la máxima autoridad. Había que esperar de su experiencia profesional un conocimiento suficiente de sus compañeros para saber a qué atenerse, y la habilidad necesaria para desarticular el movimiento. ¿No les fué posible? ¿Fueron engañados hasta el fin, o víctimas ellos mismos de un exceso de prudencia diplomática? Por todos lados se descubre el mismo flaco: lentitud. De otros más graves no me siento autorizado a hablar, pues hay todavía demasiados puntos oscuros. Insisto en esto, que expresa un clamor popular: si una parte de la guarnición se mantenía leal, ¿por qué no se sumaba decididamente al pueblo para detener a los jefes sospechosos y arrastrar consigo a las fuerzas acuarteladas?

Las autoridades seguían diciendo, confidencialmente, que no había armas y, en público, que ya se repartirían en momento oportuno. Luego hemos sabido — tal vez no lo sabían las autoridades — que había más armas de las que, a última hora, y en el mayor desorden, fueron distribuidas. Parece que las guardaban ciertas personas. Se citan varios nombres... El testimonio más insistente señala a determinado político como depositario de un talón que permitiría retirar del ferrocarril una respetable cantidad de armas y que, al parecer, mantuvo el secreto por temor a «desmanes» populares. No soñaría el buen señor con el macabro resultado de su prudencia.

Sin duda se temió entregar armas al pueblo. Seguía la calma y la pesadilla. En la madrugada del día 20 se interrumpió de golpe el sueño inquieto de la ciudad con un intenso y simultáneo clamor. Por fin aullaban las sirenas de los barcos. Era como la voz crecida de los marineros que hubiesen visto todo el horror que se avecinaba plantado en el borde del amanecer. Y más bien que llamamiento al pueblo, parecía la llamada profunda y desgarrada del pueblo.

A partir de ese instante, todo se produjo con clandestina celeridad de crimen. Pita Caridad y Salcedo fueron metidos en calabozos por los rebeldes. La traición se manifiesta en hechos. Durante la mañana, se teme que los militares facciosos se lancen a la calle, y se toman a toda prisa las únicas medidas posibles para hacerles frente. Los leales

carabineros, los únicos que hicieron honor a su palabra, reparten sus pistolas entre los grupos de obreros. No son muchas, y escasean, además, las municiones. Aparecen algunos fusiles y escopetas. En la Casa del Pueblo hay un cartel que dice: «La guardia civil está con nosotros», pero los civiles se muestran más bien reservados. Los guardias de asalto, como si viesen las cosas mal paradas y comenzaran a desembarazarse de sus compromisos de lealtad, ya no miran a los obreros con franqueza, bajan los ojos y levantan demasiado lentamente el puño ante los himnos proletarios. A las tres de la tarde suena el primer cañonazo contra el Gobierno Civil. Resuena un nutrido tiroteo por las calles. Hostilizadas por los obreros, avanzan fuerzas de infantería hacia el Gobierno. La lucha va a ser ya terriblemente desigual. La situación se agrava de pronto, pues la guardia civil cambia el blanco de sus armas y dispara contra el pueblo. Continúa, en medio del desastre, el heroísmo de los trabajadores. Un anarquista, Cesáreo, de la CNT, anima a un grupo y asaltan el vapor «Plus Ultra», pero en esta hazaña sólo se consigue armar a seis hombres. Un joven de veinte años, Vebel, hizo lo propio con la armeta «Eirea». Total, treinta o cuarenta armas, sin municiones apenas.

Muchos grupos de hombres desarmados van por otras calles, sin norte, de aquí para allá, yo entre ellos, sin saber qué hacer. Surgen oradores improvisados que arengan a las masas inermes... Un obrero con traje azul manchado de cal se lleva a una legión de hombres a pelear con navajas. Pronto cayeron a tierra la mayor parte.

A los dos o tres cañonazos sobre el Gobierno Civil rindieron los guardias de asalto que lo defendían. Sólo el Comandante se niega a rendirse. Fué detenido con el Gobernador y todos los que estaban en el Gobierno Civil.

Por la noche hubo una pausa de gran silencio, que no podía llamarse calma. Al amanecer se reanudaron las hostilidades. Algunas posiciones fueron defendidas por los nuestros con gran tenacidad, pero se veía llegar el fin de la contienda. A los dos días comenzaba la trágica desbandada de los que habíamos querido defender sin medios el honor de nuestra ciudad. Quedaban muchos cadáveres en las calles.

Después, la represión más feroz y sanguinaria dirigida por curas y falangistas, todo el desenfreno de la cobardía — que aun no ha terminado.



¡Os seus zocos e a sua ferramenta!

Deseño de RAMÓN GAYA

O que non se esquece

Os derradeiros irmáns que ficaban en Galiza, dos poucos que poideron fuxir ao crimen feixista camiñando pol-os montes com-as feras, despois de longa espera nas noites anceiantes cheas de lua nova que alumearon o seu escondrijo, van chegando xunto a nós, c-os ollos cheos de espanto, mais grandes e fixos non se sabe onde..., cicais lembrando a terrible traxedia que viron nos pobos onde moraban.

Chegan xunto a nós como esquecidos de todo, pro inda resoa nos seus ouvidos o golpe seco que fan os corpos asesinados no meio da noite.

Os que viron estas esceas fican tamen debaixo da terra galega co mesmo silencio que traen os que chegan. Pendurados do ar fican ali como testemuña miles d'últimos berros, outos e delgados dos que non fixeron outra cousa na vida que sudar egoal que os bois.

—Que cobardía é — dinos un deles — sentir alegría de non ter morto vendendo o que eu vin...

¡Si o sei non me salvo!

A xente crê que os feixistas xa no asesinan como denantes i é certo; denantes facianno â luz do dia e agora faino a sombra da noite, nas cárceres, nos coarteles ou no mar, atándolles plomos no pescozo e diste xeito non se enteira ninguen. Pro na pel nervosa do mar, nas postas de sol, vense circunferenzas de branca espuma que o vento leva â deriva a todol-os portos do mundo.

Por as corredoiras confúndense os berros de angustia dos feridos co-as risotadas dos feridores.

A sangue salva, e o froito que dá é quente e amargo.

Diante tanta dor as moradas de Galiza, as dos familiares dos mortos estan engalanadas con *vistas e alegres* bandeiras monárquicas. O que non a poncando llo ordean, a Santa Guardia Civil será con ele.

O pobo cala un berro de protesta que inda non pode dar, pro ¡non ai duvida que este berro xa ten raíces profundas e o día que o dé resoará en todas as direciós do vento!

SERAFÍN FERRO

MARIÑEIRO FUSILADO

*A noite de tres côres de
Serafin Ferro.*

Foi ao abrente,
Soio habia tres vidros de lus frida dourando as cortiñas,
I-un canto de galo rachado en tres tempos.

(Na noite d'antes, lle estouparon as ideas nobres
Que tiña fondeadas baixo da fronte,
Dénd'a primeira volta que saíra ao mar;
E berrou.)

Levaba namentras camiñaba
Un universo mixturado de inxusticias, mans de neno
I-un paxaro do dibuxo do mantel, que non vira nunca
Até que os feixistas petaron na porta.

Vía craro, que un home, pode non saber lér,
Pero pode tamen caberlle a Verdade n'unha man pechada.
I-un mariñeiro pode non saír a pescar, si lle cabe o mar nos ollos.

E descubriu que a morte non ten color, i-é semente.
Por iso cando dixeron: ¡Alto! quedou tan dereito,
Que os castiñeiros tortos tivéronlle envexa.

Morreu de pé, como as frores, como os albres, como os foguetes,
Como os homes.

Cando foron a vel-o, un verme lle rubía por riba d'un ollo,
Pro unha volvoreta se lle pousara no furado roxo da morte.

ERNESTO PÉREZ GÜERRA

MADRID

Este es Madrid, que al alto Guadarrama
— jara y tomillo, berrocal y nieve —
a quemar sombras de un fantasma aleve,
trágico sube convertido en llama.

Pueblo en cuya sonrisa se proclama
larga bondad junto al donaire breve;
pueblo hondo y fino y vertical, no mueve
la injuria el hito insigne de su fama.

Un alba la traición, cuando dormía,
lo quiso maniatar; pero aquel día,
siglos avizorando en un segundo,

encontró su verdad, se alzó con ella,
¡y este es Madrid, universal estrella,
centro del hombre, capital del mundo!

ANGEL LÁZARO

Noviembre de 1937.

GALIZA EN ASTURIAS

A traxedia do norde encheu o noso espírito de door. Os pobos irmáns arrastados a unha loita, provocada por un fato de treidores sen honor nin corazón, fixeron toda crase de esforzos pra conter esa treboenta nube de extranxeiros i extranxeirizantes que asolan o chan hispano. O sentimento d'independenza puxo nas súas almas unha forza inxente de heroísmo. Mais, con todo eso, o Norde perdeuse. Esta é a triste realidade. Triste porque por un espazo de tempo eles, os feixistas, arrasarán todo o que alí hai de bó.

Endebén, o derradeiro esforzo das nosas xentes pra non deixarse arrebatado pol-a forza o que lle custou moitos traballos conservalo, fíxose na Asturias onde tivo desenrolo o feito máis patético da nosa guerra. Loitábase día e noite. Nascía e morría o día sen que a vanguarda e retagarda tiveran un intre d'acougo. Todo era mobilidade. Cando chegaban os avións da morte sobor das poboacións pacíficas, as mulleres cos filliños nos brazos percorrían as rúas en busca do refuxio onde gacerse dos asesiños do ár. Non embargante, algúns destes seres inofensivos atoparon morte macabra. Pasan a formar parte da lista dos mortos que recaman venganza; dos mortos que nos fan seguirl-a loita até morrer.

O «nazionalismo» hipotecado, tiña intrínseco en se apoderar das nosas riquezas nordeiras pra pagar aos usureros d'afora o préstamo que lles fixeron: cañóns, ametralladoras, avións, barcos, técnicos, moitos técnicos, pra maior vergonza de casta militar hespañola. Con estes «piadosos» elementos a loita adquireu crueza de traxedia. A frebe do combate espallaba labaradas de morte. O símbolo non lle dou paz á gadaña na súa sega de homes...

Nós, os galegos, que compoñemos a metade da lección heroica dos mineiros, tivemos unha parte importante na defensa do chan nordeiro. Por él pasáronse, en riadas optimistas, evadidos do terreo do crime e da baixeza. Eran arrincados das súas chouzas e levados aos frontes astures. Inda ben non chegaban a él pasábanse, dando eisí, unha vez mais, probas do antifeixismo que latexa no noso pobo. Temos que rexistrar esto pra facer máis levián a espiña da traxedia por que está pasando a nosa Terra.

¡Malia a nosa sorte! A Hestoria, como moi ben dixo Castelao, non nos reservou máis que tropezos e desventuras. Levamos un pesadelo de feitos treizoeiros no espírito. E sempre son os mesmos: os partidarios da unidade famenta. Os que queren voltar á Hespaña raquílica do Imperio Incivil. Queren renacer aqueles tempos feudales; dos señores de forza e coitelo; dos donos de vidas e facendas.

Galiza foi a que máis sofreu estes tempos maldizoados. Comenzaba agora a espaxarse do entumeceamento a que lle obrigaron as cadeas. Sempre nos pasou o mesmo. Cando renacemos cheos de ledicia i esperanza pol-o frorecente porvir que nos agarda, un fito hestórico fainos deter a rubida groriosa. Outra vez o asoballamento toma corpo no noso pobo.

Esta é a derradeira vez que nos atopamos con nosos enemigos seculares. Máis d'esta vez (téñano presente todol-os galegos, incruso os d'América que, balbucen tes, andan debatándose co-a dúbida dos prexuízos), sairemos trunfantes. Temos de trunfar porque a nosa causa está cinguida de mártires, que son os que deixan os ronseles que o noso camiñar terá de seguir en cumprimento da súa vontade.

¡A nosa Terra é nosa!

R. CABANILLAS ALVAREZ

MANIFESTO DE "SOLIDARIDADE GALEGA"

A todol-os galegos antifeixistas

Irmáns:

Numerosos son os camaradas antifeixistas galegos que a cotío nos visitan, evadidos uns do campo rebelde, vidos outros do extranxeiro, a onde afortunadamente lograron fuxir das poutas do feixismo, trocado na nosa lembrada e mártir Galiza na orgaizazón máis perfecta do terror, do vandalismo e do crime.

Non todos estes irmáns, a quenes abrazamos con frecuencia, atópanse comprendidos nos deberes militares, en cuio caso a nosa axuda ten de ser breve e imposta pol-as circunstancias que concurren até a súa incorporación a filas, senon que contamos con moitos casos nos que pol-a súa idade ha de procurárelles colocación e auxilio deica tanto non poidan desenrolar as súas actividades profesionales na retagarda.

Contamos, ademais, con moitos incapacitados para o traballo, que arrastan co-a súa disgracia física unha vida miserenta i improbecida que os bós galegos non podemos descoidar, baixo pena d'incurrir na responsabilidade anti-solidaria, tan en puña cos sentimentos e xenerosidade da nosa inesquencíbel Terra.

A parte de todo esto tan necesario e imprescindíbel, Solidaridade Galega Antifeixista, ha de procurar, poñendo en exercicio todol-os medios ao seu alcance, establecer con todos nosos irmáns d'América as mellores relacións a fin de que os seus propósitos d'axuda e solidaridade atopen a contrebución máis ampla i eficaz no orde económico e de protección a aqueles irmáns refuxados e perseguidos n'outras nazóns e poder ceibalos do perigo que lles amenza de cote.

Eisímesmo Solidaridade Galega Antifeixista diríxese a todol-os irmáns da zoa leal e do extranxeiro pra que constituian filiales ou delegazóns que se encarguen da recaudación onde contén con máis de vinte irmáns, e onde non poida ser esto nos envíen a súa inscrición nominal, a fin d'alcanzar d'acordo co-as nosas ourentacións o mellor éisito económico e formal.

Os galegos, ao igoal que os d'outras rexións, han de contar, en todo momento, cun orgaísmo ao marxen de toda política, capaz de facilitar as mellores ourentacións no exercicio da solidaridade, emprego e aloxamento; en resumen, rematar co espectáculo vergoñento e indígnante da verborrea de café ou tertulia, ineficaz pra consolidar unha axuda permanente, e inxusto pol-a súa reducida solidaridade, a cal debe abarcar o peculio de todol-os galegos que poidan ofrecerla. De todos, ausolutamente de todol-os galegos antifeixistas, pende o que os nosos evadidos e refuxados poidan recibir a axuda precisa. Que ninguén deixe de comprir este deber en todo momento, enviándonos o seu donativo mensual; sen esto fracasarían as nosas mellores e sinceiras intencións.

¡Viva Galiza heroica e mártir! ¡Honrémosla, irmáns, cos nosos feitos!

¡A nosa Terra é nosa!

Pol-o Segredariado,
PEDRO LONGUEIRA. — SEGREDARIO XERAL